



O río Tea ao seu paso por Ponte Cernadelas

PROXECTO RÍOS

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de Educación e Voluntariado Ambiental, promovida por ADEGA, que pretende involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais, proporcionando ferramentas que garantan a súa participación. Esta concrétase na realización de inspeccións sobre estado ecolóxico do río levada a cabo por voluntariado ambiental. Cos datos obtidos elabórase anualmente o informe de Estado de Saúde do Ríos Galegos.

Alén desta actividade o Proxecto Ríos ten posto en marcha numerosas iniciativas complementarias: cursos de formación, roteiríos, calendario fenolóxico, campos de voluntariado ambiental, etc.

A finalidade deste tríptico é dar a coñecer as actuacións e os primeiros resultados do campo de voluntariado ambiental realizado no río Tea para a eliminación de flora exótica invasora.

educación ambiental
divulgación
arrincando de raíz
especies exóticas invasoras
participación
rede natura
río Tea
voluntariado ambiental
conservación

PROXECTOtea

+ info
www.adega.info
www.proxectorios.org
www.educacionambientaladega.info
tlf. 981 57 00 99

fotos: Ramés Pérez. Deseño: magenta

PROXECTOtea

eliminación de flora exótica invasora



a ocupación lenta e silandeira

A introdución de especies exóticas invasoras (EEI) considérase, despois da destrución do hábitat, a ameaza máis importante na perda de biodiversidade, así como unha das principais causas de extinción de especies autóctonas. Denomínanse EEI aos animais e plantas alóctonas, introducidas, que teñen a capacidade de reproducirse e perpetuarse no novo meio, competindo e desprazando ás especies autóctonas.

As EEI aprecian un incremento continuado en todos os grupos taxonómicos, tanto en animais como en vexetais. Tendencia que seguirá aumentando tanto en superficie ocupada como en novas bioinvasións, favorecido polo cambio climático e pola continuada degradación do territorio.

Os cursos fluviais son hábitats especialmente sensíbeis e vulnerábeis ao éxito das bioinvasións polas súas peculiaridades. Algunhas das EEI máis perigosas como o caranguexo americano, mexillón cebra, ameixa asiática, xacinto de auga e tartaruga de florida están precisamente ligadas aos ríos. Curiosamente e a pesar da súa gravidade, esta problemática apenas é traballada en programas de conservación, educación e voluntariado ambiental.

antecedentes e actuacións

Os campos de voluntariado ambiental do Tea comezaron no ano 2007 en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, dentro do programa de Voluntariado en Ríos da citada entidade, e tiveron continuidade nos vindeiros anos.

A elección do río Tea veu motivada polo interese do Proxecto Ríos en desenvolver accións nos espazos naturais de alto valor ecolóxico (LIC Río Tea), e tamén porque no entorno están a participar voluntarios do Proxecto Ríos de diferentes ámbitos (centros de ensino, asociacións, grupos ecoloxistas e particulares).

O traballo realizado no primeiro campo de voluntariado foi o punto de partida para as futuras actuacións. Durante o mes de outubro de 2007, voluntarios ambientais de toda Galiza tomaron o pulso ao río Tea. Empregando a metodoloxía do Proxecto Ríos, realizouse unha análise da saúde do río e das súas marxes, e co resultado destas inspeccións, estableceuse unha diagnose do estado do río Tea e as liñas de actuación para as accións a desenvolver no período 2008-2010.

Dos diferentes impactos atopados; vertidos, lixo, presenza de especies exóticas invasoras (EEI en adiante), etc., a equipa de educadores, o voluntariado e expertos consultados, valoraron desenvolver accións encamiñadas a divulgar a problemática das EEI e experimentar métodos de erradicación. Con este fin, elaborouse unha ficha de resultados para estandarizar e rexistrar os traballos realizados co obxectivo de avaliar a eficacia e idoneidade do método e da ferramenta empregada ou a mellor época para cada especie.

Acacia negra, falsa acacia, mimosa, tintureira, bambú, coniza e garrapátón*, son as especies vexetais sobre as que se centrou este traballo. O lugar de actuación, desde os pasos de Tatín até a ponte Cernadelas (Concello de Mondariz), abrangue unha extensión duns 3 Km lineais e uns 3000 m², nos que se eliminaron máis de 6 Tn de EEI. Os traballos realizados complementan e reforzan as actuacións realizadas pola Delegación Provincial de Pontevedra.

O Proxecto Ríos quere agradecer aos máis de 160 voluntarios e voluntarias a súa participación e esforzo nesta iniciativa.



A primeira actuación foi realizar unha diagnose do río Tea



Eliminación manual de mimosa, unha das especies exóticas presente no río Tea

A tintureira ou uvas do demo é unha das especies sobre a que se actúa

*Acacia melanoxylon R.Br., Robinia pseudoacacia L., Acacia dealbata Link, Phytolacca americana L., Phyllostachys spp., Conyza canadensis (L.) Cronq., Bidens frondosa L.